

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 31 DE MARZO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción de mellora da seguridade viaria na estrada LU-533 no contorno de TCA. Treito: P.Q. 1 + 770 ao 12 + 200, nos municipios de Chantada e O Saviñao (Clave: LU/07/126.06)
- Decreto polo que se aproba o convenio entre a Xunta de Galicia e *Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, concesionaria da Xunta de Galicia, S.A.*, polo que se regula a bonificación da peaxe das autoestradas A Coruña- Carballo (AG-55) e Puxeiros- Val Miñor (AG-57)

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se establecen as directrices básicas de actuación nos supostos derivados de situacións de emerxencia de natureza catastrófica
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración asinado o 9 de outubro de 2006 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Ministerio do Interior, para a seguridade nos edificios da Administración de Xustiza, para o ano 2010, por un importe de un millón seiscientos doce mil setecentos cincuenta e un euros con tres céntimos (1.612.751,03 €)

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos e o Concello de Pontevedra para a execución das obras de infraestruturas hidráulicas en parroquias do Concello de Pontevedra. Fase 2 por importe de 10.000.000 €

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Vilariño de Conso (Ourense), para a adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos de Monte de Veiga Camba, por importe de douscentos sesenta e sete mil seiscentos oitenta e sete euros con vinte e cinco céntimos (267.687,25 €)
- Acordos polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Meira (Lugo), concretada no financiamento ao 100 % do custo da obra: "Adecuación, selaxe e clausura do vertedoiro de residuos sólidos urbanos" por importe de trescentos cincuenta e tres mil cento vinte e seis euros con setenta e catro céntimos (353.126,74 €)

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado da convocatoria, para o exercicio 2010, das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) á internacionalización das empresas galegas, e se exixe de constitución de garantías nos pagamentos á conta, por importe máximo de catorce millóns setecentos corenta e cinco mil euros (14.745.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza o compromiso plurianual derivado da convocatoria, para o exercicio 2010, das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) aos proxectos colectivos empresariais, cofinanciados co Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013, e se exixe de constitución de garantías nos pagamentos anticipados, por importe máximo de tres millóns cen mil euros (3.100.000,00 €)

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo de ratificación do concerto-marco para a prestación de servizos de transporte escolar, suscrito, ao abeiro da Lei 5/2009, de medidas urxentes para a modernización do sector de transporte público de Galicia, entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e as asociacións e federacións de transportistas de viaxeiros por estrada da Comunidade Autónoma de Galicia

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se prorroga e modifica o convenio de colaboración de data 27 de marzo de 2008, suscrito entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de enfermos de ril ALCER, para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo, por importe de seiscentos trinta e catro mil setecentos noventa e dous euros con cincuenta e seis céntimos (634.792,56)

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio entre a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e o Arcebispado de Santiago, para a organización dun proxecto expositivo no Mosteiro de San Martiño Pinario

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Cruz Roja Española en Galicia, para a execución dun programa de acompañamento e apoio a persoas sen teito
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT), para contribuír ao financiamento dun servizo social comunitario específico de atención temperá a nenos/as con discapacidade e as súas familias
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e as asociacións de cooperativas: Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias- AGACA; Unión de Cooperativas de Traballo Asociado – UGACOTA; e Federación de Empresas Cooperativas – SINERXIA, para a formación de xestores e titores especializados en proxectos cooperativos.

**INFORMES**

**CONSELLERÍA MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Execución das obras de sostemento e estabilización do noiro do punto quilométrico 86,4/86,8 da estrada LU-862 en Viveiro", por unha contía aproximada de trescentos setenta e nove mil setenta euros (379.070,00 €)

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre a formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e a Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), para a realización de actividades culturais, didácticas e de difusión, por importe total de trescentos mil euros (300.000,00 €)

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe de situación a marzo de 2010 sobre o Programa de Investimentos Menores 2009-2011 de Portos de Galicia

## **MEDIO AMBIENTE LICITARÁ ANTES DO VERÁN AS OBRAS DE MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA LU-533, ENTRE OS CONCELLOS DE CHANTADA E O SAVIÑO**

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas investirá case 1,8 millóns de euros nesta actuación*
- *O treito concreto abarcará os puntos quilométricos 1 + 770 ao 12 + 200, polo que se actuará en 10,4 quilómetros de lonxitude*
- *Os beneficiarios destas melloras serán 33.210 habitantes dos concellos de Chantada, O Saviño e Monforte de Lemos*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas licitará antes do verán as obras de mellora da seguridade viaria na estrada Chantada-Escairón (LU-533). O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública da vía, polo que se procede a urxente ocupación dos bens e os dereitos afectados polas obras. Medio Ambiente destinará 1,8 millóns nesta actuación.

O treito concreto no que se actuará abarcará 10,4 quilómetros de lonxitude, e que corresponde co tramo localizado entre os puntos quilométricos 1 + 770 ao 12 + 200 que pasan polos municipios de Chantada e O Saviño.

### **Obras que se van realizar**

O motivo desta actuación é a eliminación dun tramo de concentración de accidentes e a súa incidencia na seguridade viaria. As obras inclúen a construción dun treito de cambio de sentido para aos condutores que veñen desde a estrada que dá acceso a Santo Estevo de Ribas de Miño e queren tomar dirección cara a Lugo. Actualmente, non se permite o xiro a esquerda que faría posible o cambio de sentido debido á propia configuración da estrada xa que ten un só carril cunha forte pendente ascendente. Ademais, a zona posúe escasa visibilidade.

Cómpre dicir que a estrada LU-533 constará de dous carrís de 3,50 metros de largo cada un. As beirarrúas terán un largo de 1,50 metros cada unha. O carril central onde se habilitará o cambio de sentido pasará a ter 4 metros e as beirarrúas serán dun metro de lonxitude. Tamén se habilitarán zonas dotadas de semglorietas.

Para a mellora da seguridade da vía, os operarios levarán a cabo unha serie de obras que consistirán na escavación dos terreos (15.315 metros cúbicos de terra), a mobilización dun terraplén (5.308 metros cúbicos de terra), a pavimentación con lastros (1.277 metros cúbicos de material) e, finalmente, a disposición da sinalización, o balizamento e as defensas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Os beneficiarios directos destas melloras serán os 9.086 habitantes de Chantada e 4.638 de O Saviñao que, xunto cos 19.486 de Monforte de Lemos, suman un total de 33.210 persoas que verán mellorada a súa seguridade viaria. Por outro lado, serán tres os predios afectados polas expropiacións, para o que se destinou un orzamento de 35.242 euros.

Cómpre dicir que o inicio das obras será no segundo semestre deste ano e prevese que rematen no vindeiro 2011.



## A XUNTA COMEZARÁ A APLICAR EN MAIO A REBAIXA DAS PEAXES NAS AUTOESTRADAS A CORUÑA-CARBALLO (AG-55) E PUXEIROS-VAL MIÑOR (AG-57) MEDIANTE UNHA ACHEGA DE PRETO DE 6,5 MILLÓNS DE EUROS

- *Os requisitos para optar aos descontos son que o vehículo realice polo menos un traxecto de ida e volta no mesmo día e que utilice como sistema de pagamento un mecanismo de peaxe dinámico ou telepeaxe (OBE)*
- *Cando se realice con cargo a un OBE un traxecto con ida e volta entre dous enlaces da autoestrada no mesmo día aplicarase no traxecto de volta unha bonificación do 25% sobre o importe da peaxe en vigor*
- *Cando co mesmo OBE se realice un segundo, ou ulterior traxecto, con ida e volta entre dous enlaces da autoestrada, no mesmo día, aplicarase no segundo e posteriores traxectos de volta unha bonificación do 50%*
- *A estas rebaixas poderán ter acceso os máis de 30.000 vehículos que utilizan estas autoestradas a diario, supoñendo un aforro de ata 500 euros anuais*
- *Os descontos teñen como obxectivo incidir positivamente sobre a mobilidade obrigada por razóns de traballo ou estudo, de forma que para os usuarios condicionados pola mobilidade a existencia de peaxes non supoña unha limitación nos seus desprazamentos*
- *A redución do importe das peaxes pretende contrarrestar os efectos da crise, aumentando a produtividade e competitividade da economía galega*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o convenio entre o Goberno galego e Autoestradas de Galicia, Concesionaria da Xunta de Galicia S.A, polo que se regula a bonificación da peaxe nas autoestradas A Coruña- Carballo (AG-55) e Puxeiros- Val Miñor (AG-57).

A Xunta de Galicia é titular das citadas autoestradas de peaxe cuxo percorrido se desenvolve dentro do territorio da comunidade autónoma galega, mentres que a explotación delas corresponde a Autoestradas de Galicia. A través do convenio, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas asumirá o custo da bonificación das peaxes, en función das viaxes reais que realicen os usuarios e que cumpran os requisitos establecidos.

A Xunta de Galicia destina un orzamento de preto de 6,5 millóns de euros, distribuídos nas anualidades comprendidas entre os anos 2010 e 2015, co fin de financiar a bonificación das citadas peaxes. As rebaixas comezarán a aplicarse a partir no mes de maio.

### Requisitos e bonificacións

A aplicación da bonificación da peaxe estará condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos: que se trate do mesmo vehículo que realice o traxecto de ida e volta no mesmo día, e que o vehículo utilice como sistema de pagamento un mecanismo de peaxe dinámico ou telepeaxe, con OBE que sexa interoperable. O OBE é un

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

dispositivo electrónico situado no interior do coche que contén os datos do titular do medio de pagamento e que dialoga cos equipos da peaxe para concluír a operación precisa. Ademais, cabe precisar que se inclúen os vehículos de todas as categorías, é dicir, lixeiros e pesados.

Tendo en conta estes requisitos, o importe que a concesionaria cobrará aos usuarios será o que resulte de aplicar a bonificación seguinte:

- En primeiro lugar, cando se realice con cargo a un OBE un traxecto con ida e volta entre dous enlaces da autoestrada no mesmo día, aplicarase no traxecto de volta unha bonificación do 25% sobre o importe da peaxe en vigor.
- En segundo lugar, cando co mesmo OBE se realice un segundo, ou ulterior traxecto, con ida e volta entre dous enlaces da autoestrada, no mesmo día, aplicarase no segundo e posteriores traxectos de volta, unha bonificación do 50% sobre o importe da peaxe en vigor.

A estas rebaixas poderán ter acceso os máis de 30.000 vehículos que utilizan a diario estas autoestradas, supoñendo un aforro de ata 500 euros anuais.

**As autoestradas beneficiadas**

A autoestrada AG-55, que une A Coruña con Carballo, articula a mobilidade da comarca de Bergantiños, mellorando a accesibilidade de toda a Costa de Morte coa capital provincial. A importancia desta vía como motor de desenvolvemento económico dunha zona sometida a históricos problemas de comunicación queda patente coa observación das cifras de tráfico que soporta: unha intensidade media diaria en 2009 de 18.000 vehículos, un 5,6% deles pesados, e cun constante aumento nos últimos anos.

Por outra banda, a AG-57 permite a comunicación eficaz dos concellos do sur de Vigo, nunha zona xeográfica con grandes problemas de conxestión, especialmente coas puntas estacionais de tráfico. Ademais, a funcionalidade desta autoestrada estase a ver notablemente mellorada coa ampliación dos enlaces de Nigrán, A Ramallosa e Baiona, sendo previsible un incremento de tráfico respecto aos preto de 12.000 vehículos diarios contabilizados en 2008.

**Plan MOVE**

Cómpre lembrar que estas accións están enmarcadas no Plan Move, proxecto elaborado cos obxectivos de ordenar a rede de estradas, completar as comunicacións, mellorar accesibilidades ás cidades ou incrementar a seguridade viaria. Neste marco de melloras tamén se considera axeitado adoptar medidas que teñan por finalidade reducir o importe das peaxes polo uso das autoestradas. Deste xeito, lévase a cabo un impulso á actividade económica para contrarrestar os efectos da crise aumentando a produtividade e competitividade da economía galega.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Os descontos nas peaxes postos en marcha pola Xunta de Galicia suporán un importante aforro para os cidadáns que teñen que empregar estas vías todos os días por motivo de traballo, saúde ou educación. É dicir, teñen como obxectivo incidir positivamente sobre a mobilidade obrigada, que dá lugar a un importante número de viaxes diarias nos diferentes sentidos, de forma que para os usuarios condicionados pola mobilidade obrigada a existencia de peaxes non supoña unha limitación.

**Itinerarios**

Os itinerarios existentes actualmente na autoestrada AG-55 son A Coruña- Arteixo, Arteixo-Paiosaco, Arteixo-A Laracha, Arteixo-Carballo, Paiosaco-A Laracha, Paiosaco-Carballo e A Laracha-Carballo. Na AG-57 son Puxeiros-Vincios, Puxeiros-Gondomar, Puxeiros-Nigrán, Puxeiros-A Ramallosa, Puxeiros-Baiona, Vincios-Gondomar, Vincios-Nigrán, Vincios-A Ramallosa e Vincios-Baiona.

Por outra parte, os novos itinerarios previstos como consecuencia das modificacións dos enlaces da AG-57 son: Nigrán-A Ramallosa, Nigrán-Baiona e A Ramallosa-Baiona.



## A XUNTA DELIMITARÁ QUE SE ENTENDE POR CATÁSTROFE OU SITUACIÓN DE EMERXENCIA E CANDO É NECESARIO HABILITAR AXUDAS PARA PALIAR OS DANOS

- *A Axencia Galega de Emerxencias será a encargada de determinar cun informe a gravidade da situación e precisar a que zona afecta*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un acordo polo que se establecen os criterios básicos de actuación da Xunta de Galicia tras unha situación de emerxencia ou catástrofe para restablecer os servizos esenciais afectados e se habilita o Goberno galego para elaborar un decreto no que se especifique con claridade cando e como se deben establecer axudas para paliar os danos derivados por este tipo de situacións.

O acordo habilita a Xunta para elaborar un decreto tipo, que permitirá axilizar a posta en marcha dunha liña de axudas que contribúan a paliar os danos causados pola catástrofe. Todo iso coa maior celeridade e con obxectividade, xa que a posta en marcha de axudas non queda sometida á arbitrariedade, senón que será a Axencia Galega de Emerxencias a que estableza cando se produce unha situación de emerxencia ou catastrófica.

Defínese como catástrofe ou calamidade aquela situación de emerxencia sobrevida, de carácter inesperado, que pola súa entidade e gravidade con respecto ao interese xeral sexa así declarada polo consello da Xunta de Galicia. Será a Axencia Galega de Emerxencias a que, nun informe, determine tras cada unha destas situacións o carácter dos feitos producidos, unha descrición da súa causa e orixe -con xustificación da súa gravidade-, e precise cal é a zona afectada.

Logo do informe de Axencia Galega de Emerxencias, acordarase mediante decreto a oportunidade de facerlle fronte ás necesidades derivadas desa situación mediante as axudas pertinentes, destinadas á reparación dos danos e perdas causados polas situacións de emerxencia ou de natureza catastrófica, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e nos termos e contías que se establezan nas ordes ou convenios que para tales efectos se instrumenten.

### **Carácter das axudas**

As axudas que se establezan outorgaranse en réxime de concesión directa, en beneficio do interese público e social derivado das singulares circunstancias que concorren nesas situacións. A natureza destas axudas poderá ter carácter complementario e subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público e privado, estatal ou internacional e serán compatibles con outras axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, aínda que, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras, supere o custo das reparacións dos danos obxecto de axuda. Estas axudas inspiraranse nos principios de economía, celeridade, eficacia e solidariedade, así como nos de cooperación e coordinación.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Beneficiarios**

Poderán solicitar as axudas, nos termos que se establezan nos correspondentes decretos e nas súas ordes de desenvolvemento as persoas afectadas por incapacidade absoluta permanente ou lesións que causasen a hospitalización, así como as súas vítimas indirectas; e os titulares de explotacións agrícolas, gandeiras, marisqueiras e forestais polos danos e perdas derivados directamente dunha situación de emerxencia ou de natureza catastrófica.

Tamén o poderán facer os titulares dos establecementos comerciais, mercantís, industriais, turísticos e deportivos nos que se producisen danos derivados directamente dunha situación de emerxencia ou de natureza catastrófica; as persoas físicas propietarias, usufrutuarias ou arrendatarias de vivendas, que sufrisen danos que afecten tanto á seguridade como a funcionalidade do inmovible derivados directamente dunha situación de emerxencia ou de natureza catastrófica; e as corporacións locais, para facer fronte aos gastos derivados de actuacións ante situacións de grave risco ou natureza catastrófica.

## A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA DESTINA EN 2010 MÁIS DE 1,6 MILLÓNS DE EUROS Á SEGURIDADE NOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS

- *Realizarán esta vixilancia 193 efectivos: 114 gardas civís en situación de reserva e 79 membros do Corpo Nacional de Policía en segunda actividade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura da addenda ao convenio de colaboración e coordinación asinado entre o Ministerio de Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de seguridade nos edificios xudiciais en Galicia. En virtude desta addenda, o Goberno autonómico destina en 2010 un total de 1.612.751 euros para que 193 axentes da Policía Nacional e Garda Civil custodien as instalacións xudiciais galegas.

O convenio de colaboración entre a Xunta e Ministerio do Interior xa se asinara en outubro de 2006 co fin de dotar os edificios xudiciais de vixilancia e protección a través de gardas civís en situación de reserva e de membros do Corpo Nacional de Policía (CNP) en segunda actividade. Este ano, as dúas partes asinantes acordaron prorrogar o convenio e redactáronse as condicións para o 2010, as cales se plasman na devandita addenda que o Consello vén de autorizar.

Na addenda fíxase a distribución de efectivos para a vixilancia en sedes xudiciais para este ano. Deste xeito, destínanse un total de 193 efectivos: 79 membros do CNP en segunda actividade e 114 gardas civís en situación de reserva. Dos 79 funcionarios do CNP, 9 integrarán o equipo de mando e os restantes 70 distribuiranse da seguinte maneira: 14 funcionarios para A Coruña - edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados e edificio anexo dos xulgados do contencioso-administrativo, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal, edificio Proa e sede do Rexistro Civil-, 7 efectivos para Ferrol, 4 para Ribeira, 9 para o edificio da Audiencia Provincial e o edificio dos xulgados de Lugo, 2 para Monforte de Lemos, 2 para Viveiro, 9 para o Pazo de Xustiza de Ourense e para a antiga Cámara de Comercio, 7 para o edificio dos xulgados da Parda de Pontevedra, 2 efectivos para Marín, 2 para Redondela, 8 para os edificios xudiciais de Vigo e 4 para Vilagarcía de Arousa.

Dos 114 gardas civís en situación de reserva: 10 integrarán o cadro de mando, 46 estarán na Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña -15 na Coruña, 7 en Santiago, 4 en Betanzos, 4 en Carballo, 2 en Arzúa, 2 en Corcubión, 2 en Muros, 2 en Negreira, 2 en Noia, 2 en Ordes, 2 en Ortigueira e 2 en Padrón-, 12 na Comandancia de Lugo -2 en Becerreá, 2 en Chantada, 2 na Fonsagrada, 2 en Mondoñedo, 2 en Sarria e 2 en Vilalba-, 16 na de Ourense - 2 para Bande, 2 para O Barco de Valdeorras, 2 no Carballiño, 2 en Celanova, 2 na Pobra de Trives, 2 en Ribadavia, 2 en Xinzo de Limia e 2 en Verín- e 30 efectivos na Comandancia de Pontevedra - 6 na Audiencia Provincial, 2 para Vigo, 4 para Cambados, 4 para Cangas, 4 para O Porriño, 2 para Caldas de Reis, 2 para A Estrada, 2 para Lalín, 2 para Pontearreas e 2 para Tui.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Doutra banda, a addenda tamén establece que o horario dos servizos de vixilancia e protección será de 24 horas en quendas de mañá, tarde e noite no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) e de 08.00 a 22.00 horas nas sedes das audiencias provinciais e dos xulgados con garda de permanencia. Neste último caso os sábados o horario será de 08.00 a 15.00 horas e de 17.00 a 20.30 horas, mentres que os domingos e festivos só hai vixilancia polas mañás en horario de 9.30 a 14.30 horas. Nas demais sedes xudiciais faise unha xornada continuada de 8.00 a 15.00 horas.

**EFFECTIVOS QUE REALIZARÁN EN 2010 AS FUNCIÓNS DE VIXILANCIA E PROTECCIÓN DAS SEDES XUDICIAIS GALEGAS (193 funcionarios)****1. Persoal do Corpo Nacional de Policía en segunda actividade (79 funcionarios)****Equipo de mando (9 funcionarios)**

- 1 funcionario de escala superior
- 4 funcionarios de escala executiva (1 por provincia)
- 4 funcionarios de escala de subinspección (1 por provincia)

**Escala básica (70 funcionarios)**

- A Coruña (edificio da Audiencia Provincial, edificio dos xulgados, edificio anexo dos xulgados do contencioso-administrativo, sede da Subdirección do Instituto de Medicina Legal, edificio Proa e sede do Rexistro Civil): 14 funcionarios
- Ferrol: 7 funcionarios
- Ribeira: 4 funcionarios
- Lugo (edificio da Audiencia Provincial e edificio dos xulgados): 9 funcionarios
- Monforte de Lemos: 2 funcionarios
- Viveiro: 2 funcionarios
- Ourense (Pazo de Xustiza e anexo -antiga Cámara de Comercio-): 9 funcionarios
- Pontevedra (edificio dos xulgados da Parda): 7 funcionarios
- Marín: 2 funcionarios
- Redondela: 2 funcionarios
- Vigo (edificios xudiciais): 8 funcionarios
- Vilagarcía de Arousa: 4 funcionarios

**2. Persoal da Garda Civil en situación de reserva (114 efectivos)**

**Cadro de mando** (10 efectivos)

- 1 coronel (nivel autonómico)
- 4 capitáns (nivel provincial)
- 5 suboficiais (nivel provincial)

**Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia da Coruña** (46 efectivos)

- A Coruña (sede do Tribunal Superior de Xustiza): 15 efectivos
- Santiago de Compostela: 7 efectivos
- Betanzos: 4 efectivos
- Carballo: 4 efectivos
- Arzúa: 2 efectivos
- Corcubión: 2 efectivos
- Muros: 2 efectivos
- Negreira: 2 efectivos
- Noia: 2 efectivos
- Ordes: 2 efectivos
- Ortigueira: 2 efectivos
- Padrón: 2 efectivos

**Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Lugo** (12 efectivos)

- Becerreá: 2 efectivos
- Chantada: 2 efectivos
- Fonsagrada (A): 2 efectivos
- Mondoñedo: 2 efectivos
- Sarria: 2 efectivos
- Vilalba: 2 efectivos

**Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Ourense** (16 efectivos)

- Bande: 2 efectivos
- Barco de Valdeorras (O): 2 efectivos
- Carballiño (O): 2 efectivos
- Celanova: 2 efectivos
- Pobra de Trives (A): 2 efectivos
- Ribadavia: 2 efectivos
- Xinzo de Limia: 2 efectivos
- Verín: 2 efectivos.

**Unidade de Protección de Edificios Xudiciais da Comandancia de Pontevedra (30 efectivos)**

- Pontevedra (edificio da Audiencia Provincial): 6 efectivos
- Vigo (sede seccións da Audiencia Provincial): 2 efectivos
- Cambados: 4 efectivos
- Cangas: 4 efectivos
- Porriño (O): 4 efectivos
- Caldas de Reis: 2 efectivos
- Estrada (A): 2 efectivos
- Lalín: 2 efectivos
- Pontearreas: 2 efectivos
- Tui: 2 efectivos

## A XUNTA AUTORIZA O CONVENIO CO CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA REALIZAR OBRAS DE SANEAMENTO NO RURAL POR IMPORTE DE 10 MILLÓNS DE EUROS

- *O departamento que dirixe Agustín Hernández achegará un total de 7 millóns de euros, e o Concello de Pontevedra os 3 millóns restantes*
- *As obras que van realizar cada unha das partes asinantes serán decididas a través dunha comisión de seguimento*
- *O Concello de Pontevedra obrígase, a través do convenio, a redactar os proxectos e remitilos á Administración hidráulica de Galicia antes do 30 de xuño de 2010*
- *O acordo supón, ademais, a continuidade do convenio asinado en 2008 para levar a cabo a primeira fase destas obras, nas que se investiron case 6 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Pontevedra para a execución de obras de saneamento en parroquias do rural por importe de 10 millóns de euros.

O departamento que dirixe Agustín Hernández licitará e executará obras por un importe de 7 millóns de euros, e o Concello de Pontevedra fará o propio por un montante de 3 millóns restantes. Neste ano, as dúas administracións investirán 1,3 millóns de euros; no vindeiro exercicio o investimento será de 6,3 millóns, quedando, para o 2012, un gasto de 2,4 millóns.

As obras que realizarán cada unha das partes asinantes serán decididas a través dunha comisión de seguimento. O Concello de Pontevedra obrígase, a través do convenio, a redactar os proxectos e a remitilos á Administración Hidráulica de Galicia antes de 30 de xuño de 2010.

A Consellería de Medio Ambiente, a través deste acordo, colaborará en mellorar o saneamento do municipio pontevedrés, aínda que é o Concello de Pontevedra o que ten as competencias de protección do ambiente, recollida e tratamento de residuos rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais.

### **Obrigas das administracións**

Correspóndelle á Administración hidráulica de Galicia, dependente da Consellería de Medio Ambiente, programar, aprobar, executar e explotar os aproveitamentos hidráulicos e demais obras que se leven a cabo en Galicia, concretamente as non sexan de interese xeral do Estado e das que as súas actuacións non afecten a outra Comunidade autónoma.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Por todo isto, a Consellería de Medio Ambiente eleva á consideración do Consello da Xunta o convenio de colaboración entre o departamento que dirixe Agustín Hernández e o Concello de Pontevedra para levar a cabo estas obras que se atopan na súa segunda fase.

O Goberno galego procederá á sinatura deste convenio, consciente das necesidades que en materia de saneamento ten este concello e, sobre todo, varias das súas parroquias. Por iso, desde o ano 2008 estanse a realizar diversas actuacións hidráulicas co propósito de proceder á mellora do saneamento destas parroquias e da propia cidade de Pontevedra.

Este acordo significa un importante beneficio para os máis de 80.000 habitantes do concello como para o medio natural e o contorno pontevedrés. Supón, ademais, a continuidade do convenio asinado en 2008 para levar a cabo a primeira fase destas obras, nas que se investiron case 6 millóns de euros.

Pola súa banda, o Concello de Pontevedra comprométese a achegar os terreos necesarios, a realización dos proxectos, a execución das obras e ao seu posterior mantemento unha vez rematadas, así como a achega de 3 millóns de euros en 3 anualidades.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**MEDIO AMBIENTE FINANCIARÁ CON 267.687 EUROS AS OBRAS DE CLAUSURA DO VERTEDOIRO NO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO, EN OURENSE**

- *Trátase dunha actuación prevista no Programa de Rexeneración de Espazos Degradados*
- *O vertedoiro ocupa unha extensión de 4.500 metros cadrados*
- *A duración das obras será de doce semanas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o convenio entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Vilariño de Conso, en Ourense, para levar a cabo a selaxe e posterior clausura do vertedoiro de residuos sólidos situado en Monte de Veiga Camba.

Esta actuación da secretaría xeral de Calidade e Avaliación Ambiental enmárcase dentro da orde autonómica de xullo de 2009 pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros galegos por parte do Goberno autonómico, así como dentro do Programa de Rexeneración de Espazos Degradados.

As previsións do departamento que dirixe Agustín Hernández é iniciar a licitación destes traballos no mes de abril para comezar as obras no cuarto trimestre deste mesmo ano, de xeito que nun período de tres meses quede selado este vertedoiro.

**Características do vertedoiro**

O vertedoiro de Residuos Urbanos do Concello de Vilariño de Conso atópase situado na parroquia de Veigas de Camba, na provincia de Ourense. Os terreos deste centro de recollida de residuos ocupan 4.500 metros cadrados, atópanse a 9 quilómetros ao sur do núcleo urbano e dividen dous polígonos na zona. O vertedoiro, situado preto do Embalse das Portas, estivo en funcionamento arredor de 20 anos e chegou a almacenar 5.849 toneladas de residuos.

O tipo de residuos encontrados teñen que ver con cinzas, polo que se deduce a queima das verteduras depositadas alí. Noutros estratos onde se analizou o tipo de material depositado atopáronse restos de material orgánico e residuos de pneumáticos. Cómpre dicir que apenas se atoparon residuos voluminosos, xa que o vertedoiro hai tempo que deixou de estar en funcionamento. Polo tanto, o lixo depositado atópase tapado.

**Obras que se van realizar**

As obras teñen como obxectivo selar os terreos onde se sitúa o vertedoiro de maneira que o resultado final quede integrado no contorno. O primeiro paso será acondicionar os terreos remodelando a súa morfoloxía co fin de homoxeneizar e suavizar as pendentes. O seguinte paso será trasladar os residuos a un depósito provisional no punto máis baixo do terreo, e proceder no seu tratamento.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Finalmente, o terceiro paso será selar os terreos coa extensión de distintas capas dun grosor total de 80 centímetros. Estas capas terán por finalidade impedir a infiltración da auga e, así, a consecuente xeración de lixiviados. Ademais, garantirán que as escorregas superficiais non provoquen erosións no terreo.

A duración das obras que se van realizar para proceder a clausura definitiva do vertedoiro é de doce semanas dende a súa aprobación no Consello.

**Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos**

En 1998 púxose en marcha o Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia. Este fito conseguiu un cambio na xestión dos residuos dos concellos, xa que se pasou da queima á reciclaxe ou á compostaxe. Ademais destas formas de tratamento, que tentan aproveitar a materia, tamén se introduciu o aproveitamento de enerxía que os residuos podían producir.

A concienciación progresiva dos concellos nas novas formas de xestión de residuos fixo posible a recuperación dos antigos vertedoiros. O cambio ao novo sistema de tratamento foi auspiciado pola Xunta de Galicia, que asume a responsabilidade do apoio financeiro destas actuacións.

Actualmente, a Consellería de Medio Ambiente, a través da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, xa clausurou 230 vertedoiros.

Un dato significativo é o feito de que na actualidade preto de 200 concellos envían residuos á valorización enerxética na planta de Sogama, e un total de 12 municipios apostaron pola compostaxe. A Comunidade galega sitúase á vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispoñer dunha sistemática xestión integral, consolidada e sustentable dentro do territorio nacional e comunitario que, coas infraestruturas dispostas nestes momentos garante o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

Por último, cómpre sinalar que a progresiva incorporación dos concellos de Galicia a un adecuado tratamento dos seus residuos permitiu acometer as accións pertinentes para unha restauración dos espazos ocupado polos antigos vertedoiros mediante a adecuación destes á normativa vixente ou, se é o caso, a selaxe e clausura definitiva por estar completa a súa capacidade ou por existir outras alternativas para o tratamento final dos residuos.

## MEDIO AMBIENTE INVISTE MÁIS DE 353.000 EUROS NAS OBRAS DE CLAUSURA DO VERTEDOIRO DO CONCELLO LUCENSE DE MEIRA

- *As actuacións están previstas no Programa de Rexeneración de Espazos degradados*
- *As obras teñen un prazo de execución de 4 meses*
- *A Xunta realiza o 100% do financiamento, dentro do acordo de colaboración técnico-financieira cos concellos*
- *No período 2000/2010 clausuráronse en Galicia un total de 230 vertedoiros*

A Xunta de Galicia aprobou esta mañá no Consello un acordo de colaboración técnico-financieira co concello lucense de Meira para a execución das obras de adecuación, selaxe e clausura do seu vertedoiro, un proxecto que foi formulado pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e que ten por obxecto definir e valorar as obras que é preciso executar unha vez clausurado o vertedoiro, co fin de rexenerar o contorno natural e minimizar a contaminación producida pola descomposición dos residuos orgánicos. Estas obras teñen un prazo de execución de 4 meses.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas achega o 100% do financiamento para este proxecto, que ascende a 353.000 euros. As actuacións xa contan co proxecto redactado e sairán a licitación de xeito inmediato.

As previsións do departamento que dirixe Agustín Hernández é iniciar a licitación destes traballos no mes de abril para comezar as obras no cuarto trimestre deste mesmo ano, de xeito que nun período de tres meses quede selado este vertedoiro.

### **Actuacións que se van levar a cabo**

O vertedoiro de residuos urbanos atópase situado na marxe dereita no quilómetro 22,6 da estrada Baleira-Meira, e está atravesado polo arroio Campeliño que pertence á bacía do Miño. Este arroio canalizouse no tramo que atravesa a parcela, existindo, na actualidade, residuos soterrados sobre o canal e aos seus lados. O vertedoiro é do tipo "explotación en terraplén" ao oeste do arroio canalizado, e de superficie con soterramento de residuos ao leste deste.

O vertedoiro de Meira ten unha superficie de 7.788 m<sup>2</sup>, cun acceso á parte máis alta desde a estrada, e outro inferior a través dun camiño de escasos 3 metros de largo. A súa situación en pendente confírelle un importante risco de corremento.

Por outra banda, neste momento o acceso é libre, ao non existir ningún tipo de barreira. A profundidade de enterramento oscila entre 2,5 e 4,0 m. e, na parte superior, os residuos urbanos están soterrados baixo varios metros de terras, procedentes do desmonte da obra da estrada. Estes residuos atópanse ocupando a práctica totalidade da área do vertedoiro. En superficie obsérvanse algúns voluminosos, sobre todo na zona

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

á que se accede desde a estrada. Así mesmo, ata o de agora, non se detectou ningún residuo industrial nin potencialmente perigoso. Dado que a práctica totalidade da parcela se atopa ocupada por residuos, e que a autorización da Confederación do Miño-Sil está condicionada ao restablecemento da bacía a ceo aberto, será necesario ocupar unha das parcelas lindadeiras, cuxa cesión fose xestionada polo concello de Meira.

Concretamente, as obras que se van levar a cabo consistirán na selaxe e a posterior restauración do contorno, polo que as accións prevén a recollida e transporte ata un xestor autorizado de voluminosos e outros residuos distintos aos de construción non perigosos; creación do camiño de servizo da zona de selaxe; escavación e transporte de residuos; levantamento do muro de entulleira; drenaxe de lixiviados, preparación da superficie de asento e nivelación; cuberta de selaxe drenaxe de pluviais e almacenamento de lixiviados; control de gases e revexetación.

Con estas actuacións preténdese a máxima integración no medio destas áreas degradadas que se enmarcan na normativa que regula a colaboración técnico-financeira da consellería que dirixe Agustín Hernández e as entidades locais.

En concreto, os traballos de selaxe están previstos no programa de rexeneración de espazos degradados incluídos no Plan Xeral de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, que posibilita a execución por parte da Xunta de Galicia de obras en materia de xestión de residuos, incluíndo a recuperación de espazos degradados por verteduras e os proxectos técnicos nos termos municipais da comunidade autónoma.

**Accións**

En 1998 púxose en marcha o Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia. Este fito conseguiu un cambio na xestión dos residuos dos concellos xa que se pasou da queima á reciclaxe ou á compostaxe. Ademais destas formas de tratamento, que tentan aproveitar a materia, tamén se introduciu o aproveitamento de enerxía que os residuos podían chegar a través dos sistema de valorización.

A concienciación progresiva dos concellos nas novas formas de xestión de residuos fixo posible a recuperación dos antigos vertedoiros. O cambio ao novo sistema de tratamento foi auspiciado pola Xunta de Galicia, que asume a responsabilidade do apoio financeiro destas actuacións.

A Comunidade galega sitúase á vangarda no referente ao tratamento de residuos, ao dispoñer dunha sistemática xestión integral, consolidada e sustentable dentro do territorio nacional e comunitario que, coas infraestruturas dispostas nestes momentos garante o peche do ciclo iniciado coa recollida fraccionada en orixe.

A progresiva incorporación dos concellos de Galicia a un adecuado tratamento dos seus residuos permitiu acometer as accións pertinentes para unha restauración dos espazos ocupado polos antigos vertedoiros mediante a adecuación destes á normativa vixente

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

ou, se é o caso, a selaxe e clausura definitiva por estar completa a súa capacidade ou por existir outras alternativas para o tratamento final dos residuos.

Actualmente, a Consellería de Medio Ambiente, a través da secretaría xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, xa clausurou 230 vertedoiros. Na actualidade, preto de 200 concellos envían residuos á valorización enerxética a través da Planta de Sogama, e un total de 12 municipios galegos apostaron pola compostaxe.

Por último, cómpre subliñar que a previsión do departamento de Hernández é que no horizonte de 2012 se selen todos os vertedoiros de Galicia, salvo aqueles que nese momento poidan ter autorización e se atopen en fase de explotación.

## ECONOMÍA E INDUSTRIA INCREMENTA NUN 127% A PARTIDA PARA A INTERNACIONALIZACIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL GALEGO

- *A partida destinada a incentivar a proxección exterior das empresas a través das bases de axudas para a internacionalización achégase aos 15 millóns de euros*
- *O obxectivo é facilitar a internacionalización de empresas que aínda non exportan e que as empresas que xa o fan incrementen a súa penetración nos mercados exteriores*
- *Entre as principais novidades das liñas de apoio neste ámbito figuran os apoios a centros de distribución compartidos por grupos de empresas e un renovado impulso ás implantacións comerciais no exterior*
- *A internacionalización achega ás empresas a posibilidade de aumentar o seu tamaño e acadar maiores economías de escala*

A consellería de Economía e Industria destinará en 2010, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), unha partida orzamentaria de case 15 millóns de euros ao financiamento das bases de axudas para a internacionalización das empresas galegas, segundo o acordo aprobado polo consello da Xunta, que autoriza o correspondente gasto.

A partida destinada polo Igape a incentivar a proxección exterior das empresas galegas mediante as correspondentes bases de axuda á internacionalización rexistra este ano un incremento do 127% sobre o exercicio pasado.

Entre as principais novidades das liñas de apoio neste ámbito figuran os apoios a centros de distribución compartidos por grupos de empresas e un renovado impulso ás implantacións comerciais no exterior, no marco do Plan Primex, que promove os proxectos de carácter colectivo. Do mesmo xeito, apoiarase a asistencia técnica ás empresas galegas nos mercados de destino, así como a presenza en feiras internacionais en Galicia e en mercados *dutty free*.

O obxectivo das bases que autorizou o Consello da Xunta é facilitar a internacionalización da empresa galega non exportadora ou con escasa internacionalización e apoiar a empresas internacionalizadas para que non só non perdan a súa presenza nos mercados exteriores senón que a incrementen, poñendo ao seu alcance liñas de axudas financeiras que apoiem a súa presenza exterior, ampliando o número de países receptores das exportacións galegas e a diversificación dos sectores exportadores.

Mediante as liñas para a internacionalización das empresas galegas o Igape apoiará a realización de seminarios de internacionalización; accións de planificación exterior; a participación en eventos expositivos internacionais que teñen lugar en Galicia; a participación en eventos expositivos e promocionais internacionais realizados fóra de Galicia; as misións comerciais directas; as misións comerciais inversas; as misións

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

tecnolóxicas directas e inversas; accións de marketing, comunicación, imaxe e marca; accións de prospección internacional; e iniciativas destinadas á primeira implantación promocional conxunta no exterior (Plan Primex).

A internacionalización achega ás empresas a posibilidade de aumentar o seu tamaño e acadar maiores economías de escala, así como acceder a recursos inaccesibles ou custosos no seu mercado de orixe, conseguindo economías de localización, mellorar a notoriedade e diferenciación dos seus produtos e marcas. A proxección exterior tamén supón entrar en contacto con consumidores máis exixentes e competidores máis eficientes que estimulan a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico das empresas galegas e, en definitiva, sérvenlle para mellorar a súa eficiencia económica e capacidade competitiva.

A aposta da Xunta de Galicia pola internacionalización das empresas galegas ten unha das súas principais manifestacións no eixe estratéxico que o Igape destina a favorecer a proxección exterior do tecido produtivo, rexistrando un incremento do 57%. A promoción da internacionalización baséase nun modelo facilitador de información, servizos directos nos principais mercados internacionais e financiamento ás empresas para a súa entrada neles, aposta que se complementa coa formación e especialización de recursos humanos.

A Xunta de Galicia tamén promove a internacionalización mediante o Plan de Fomento das Exportacións Galegas (Foexga), que en 2009 se reactivou ao aumentar o investimento da Xunta nun 15%, e que se reforzará considerablemente en 2010 cun incremento de máis do 35% con respecto ao pasado ano, e de case un 60% en comparación co investido polo anterior executivo en 2008. Co Foexga, en 2010, a idea é reforzar a dinámica de colaboración establecida coas Cámaras de Comercio para incentivar as relacións comerciais cos mercados máis dinámicos do mundo

## AS AXUDAS Á COMPETITIVIDADE MEDIANTE PROXECTOS COLECTIVOS MEDRAN UN 30% CO OBXECTIVO DE FACILITAR O ACCESO Á INNOVACIÓN AOS EMPRESARIOS GALEGOS

- *O orzamento destinado a incentivar as melloras competitivas alcanza máis de 3 millóns de euros*
- *O consello da Xunta autoriza o compromiso de gasto e a exención do achegamento de garantías para o pagamento de anticipos que poderán cubrir o 50% da anualidade correspondente*
- *Unha das liñas previstas nestas bases facilitará a cualificación de persoal das pemes galegas mediante programas de inmersión en empresas ou centros tecnolóxicos foráneos*
- *As bases recollen tamén proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a innovación, e proxectos de elaboración de diagnósticos sectoriais e plans estratéxicos*

A Consellería de Economía e Industria destinará en 2010, a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), unha partida orzamentaria de máis de 3 millóns de euros ao financiamento das bases orientadas a impulsar a mellora da competitividade das empresas galegas mediante proxectos colectivos. Favorecer a mellora da competitividade das empresas é un dos retos prioritarios do Igape no marco do Plan reforza 2010: o orzamento destinado a este eixe estratéxico de actuación medra un 12% en 2010 sobre o ano anterior; en canto, nas bases concretas para proxectos colectivos, o incremento orzamentario deste ano é do 30% sobre o pasado exercicio.

As bases específicas do Igape para apoiar a mellora da competitividade mediante proxectos colectivos, para as que o Consello da Xunta AUTORIZOU o correspondente compromiso orzamentario e a exención de garantías para pagamentos anticipados, prevén nesta convocatoria dúas liñas totalmente novas: a destinada a apoiar a inmersión profesional en empresas ou centros tecnolóxicos foráneos para facilitar a cualificación do persoal das pemes galegas, e a liña de incentivos para a elaboración de diagnósticos e plans estratéxicos sectoriais. Outra das novidades destacables destas bases está precisamente na posibilidade de percibir anticipos do 50% da axuda concedida sen obriga de achegar garantías.

As bases de axudas do Igape para apoiar proxectos colectivos de mellora da competitividade financiarán as variedades seguintes: iniciativas abertas de difusión en materia de innovación e competitividade; proxectos de deseño corporativo compartido; proxectos de formación empresarial; proxectos de inmersión profesional en empresas ou centros tecnolóxicos foráneos para potenciar a cualificación de persoal de empresas galegas; proxectos tutelados de intercambio de experiencia para a innovación; e proxectos de elaboración de diagnósticos sectoriais e plans estratéxicos.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

O prazo de presentación de solicitudes de axuda, que se resolverán polo procedemento de concorrencia competitiva, será dun mes contado desde o día seguinte o da publicación das bases no *Diario Oficial de Galicia*.

## A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN LOGRA UNHA REDUCIÓN DO 7% NO PREZO DO TRANSPORTE ESCOLAR GRAZAS A UN CONCERTO ASINADO COS TRANSPORTISTAS

- *Ao abeiro deste acordo, as empresas verán prorrogados os seus contratos de forma automática ata 2020*
- *Con esta iniciativa, a Xunta de Galicia consegue unha mellora e optimización dos recursos, de capital importancia nos tempos de crise económica*
- *A redución deste custo reverterá nunha mellora doutros eidos dos sistema educativo*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria logrou unha redución do 7% no prezo do transporte escolar, grazas a un concerto-marco asinado coas asociacións e federacións de transportistas que prestan este servizo educativo complementario en Galicia. Deste xeito, o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad dá cumprimento ao artigo 2 da Lei 5/2009, do 26 de novembro, de medidas urxentes para a modernización do sector de transporte público de Galicia, que autorizou a Consellería a asinar este concerto para dar aos contratos a máxima vixencia, neste caso ata 2020; e minorar os seus importes.

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a esta sinatura, coa que se dá resposta á situación económica actual, que obriga a todos os interlocutores sociais a buscar medios que conxuguen unha optimización dos servizos e medios públicos. Neste eido é de capital importancia o transporte escolar, actividade que supón un custo para as arcas públicas superior ao sufragado por calquera outra comunidade autónoma, ao representar un 22% do total do gasto neste servizo en todo o Estado.

En virtude do concerto asinado, establécese unha prórroga automática das contratacións, de carácter anual, que se producirá de xeito sucesivo ata o 31 de decembro de 2020. Como consecuencia, conséguese unha redución do importe, xa neste ano 2010, dun 7% con respecto do que se aboara neste concepto no 2009. A cantidade aforrada servirá para mellorar outros eidos do sistema educativo.

O servizo de transporte escolar constitúe un instrumento efectivo para loitar contra a diseminación xeográfica e o tradicional illamento dos núcleos rurais galegos, de xeito que resulta imprescindible para asegurar o acceso dos rapaces á ensinanza sen as limitacións do desarraigo familiar. Con este concerto-marco, a Consellería de Educación demostra unha eficaz xestión, mantendo a calidade na prestación do servizo e conseguindo, ao tempo, un aforro importante, que permitirá poder mellorar outros eidos do sistema de ensino galego. Ademais, queda patente a responsabilidade das empresas dedicadas á prestación deste servizo, que asumiron como compartida coa Administración a tarefa de mellorar, racionalizar e optimizar o transporte escolar.

## O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PRORROGA O CONCERTO CON ALCER PARA O TRASLADO DE PACIENTES AOS CENTROS DE HEMODIÁLISE NA PROVINCIA DE LUGO

- *A Sanidade pública destinará para tal efecto máis de 630.000 euros ata marzo de 2011*
- *Durante o 2009, trasladouse unha media de 178 pacientes cada mes*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou esta mañá a prórroga e modificación do convenio entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación de Enfermos de Ril ALCER para a cobertura do servizo de traslado de pacientes aos centros de hemodiálise na provincia de Lugo.

O obxecto deste convenio é o de manter un procedemento para os traslados que diariamente realizan as e os enfermos afectados por insuficiencia renal crónica que reciben tratamento de hemodiálise nos diferentes centros da provincia de Lugo, evitando, deste xeito, o aboamento individualizado e centralizando a xestión na asociación ALCER.

A actual prórroga estará vixente dende o 1 de abril de 2010 ata o 31 de marzo de 2011. Ademais, a modificación do convenio permitirá establecer novas rutas necesarias para a dialización de dez novos pacientes da zona da costa de Lugo ata as clínicas do centro da provincia.

Como ata o de agora, a asociación ALCER –con conformidade do Servizo Galego de Saúde- será a encargada de establecer as rutas axeitadas para o desprazamento dos pacientes desde os seus domicilios ás clínicas de hemodiálise, propias ou concertadas, máis próximas ao hospital de referencia do paciente.

O orzamento destinado a aboar estes servizos ascende a un total de 634.792 euros.

### **Vantaxes para os pacientes**

A renovación deste convenio mantén o obxectivo inicial de facilitar a prestación dos servizos asistenciais de alta frecuencia, como é o caso dos pacientes que precisan de diálise. A provincia de Lugo caracterízase pola gran dispersión residencial dos seus habitantes, con 9.755 entidades de poboación, distribuídos nunha orografía con frecuencia de difícil acceso.

Por iso, requírese, ocasionalmente, dun tratamento socio-sanitario diferenciado do ofrecido por aquelas entidades provinciais con importantes concentracións humanas con maior capacidade de facilitar a prestación dos servizos asistenciais de alta frecuentación.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Así, o número de visitas de cada un dos pacientes sometidos a este tratamento estímase en 156 veces ao ano. A isto, hai que engadir os traslados a centros de control, que se calcula que deben facerse arredor de catro veces ao ano por paciente.

Neste senso, o Servizo Galego de Saúde considera necesario unha prórroga deste concerto, dado o volume de pacientes beneficiados na provincia luguesa. Durante o ano 2009, trasladouse unha media de 178 pacientes mensuais, establecendo máis de cen rutas (55 fixas e outras 46 eventuais).

A participación das e dos pacientes neste programa de desprazamentos non é exclusiva dos asociados de ALCER, senón que se trata dunha incorporación voluntaria. Para iso, as e os pacientes renais que se incorporen a este sistema deben facer renuncia expresa e escrita ao traslado en ambulancia mediante transporte programado, así como tamén á solicitude das prestacións por desprazamento mediante reintegro de gastos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO DESTINA 300.000 EUROS PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO EXPOSITIVO NO MOSTEIRO DE SAN MARTIÑO PINARIO EN COLABORACIÓN CO ARCEBISPADO DE SANTIAGO**

- *A través da subscripción do convenio entre a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Arcebispado de Santiago, autorízase a organización do proxecto expositivo de temática xacobeá para o bienio 2010-2011*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración que será asinado entre a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e o Arcebispado de Santiago para a organización dun proxecto expositivo no mosteiro de San Martiño Pinario durante os anos 2010 e 2011. Ambas as entidades márcanse como obxectivo común a protección, conservación e recuperación do patrimonio cultural e consideran oportuno establecer canles de colaboración para organizar o proxecto expositivo sobre aspectos relacionados co Ano Santo en salas do mosteiro de San Martiño Pinario.

Para a execución do proxecto, vixente ata o 31 de decembro de 2011, a S.A. do Plan Xacobeo achegará ao Arcebispado de Santiago a cantidade de 300.000 euros para afrontar os gastos derivados do acondicionamento e o mantemento das salas durante o tempo que duren as exposicións. En virtude do acordo, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo encargárase da organización e desenvolvemento das actividades que se realicen nos espazos mencionados.

O proxecto pretende incrementar as actividades en relación co Xacobeo 2010 na cidade de Santiago de Compostela e, por conseguinte, incidir sobre o turismo xerado polo evento. Deste xeito, o Mosteiro de San Martiño Pinario, pola súa relevancia patrimonial e a súa situación xunto á Catedral de Santiago, convértese nun lugar idóneo para peregrinos e visitantes para a realización do programa expositivo. As exposicións que se realizarán este ano dentro deste proxecto están integradas dentro da programación do Xacobeo 2010, afondando na vertente espiritual, histórica e artística do Camiño de Santiago.

**Exposicións**

As exposicións que terán lugar no Mosteiro de San Martiño Pinario versarán sobre o Camiño de Santiago e a temática xacobeá. A primeira exposición *Regreso á orixe, Xerusalén, Roma, Santiago. Unha viaxe contemporánea*, organizarase nas Tullas e Sala Fernando de Casas. Trátase dun proxecto audiovisual composto por fotografías, música orixinal e un vídeo sobre as tres metas das peregrinacións maiores e os seus camiños.

As mesmas salas do mosteiro acollerán unha das exposicións máis agardadas: "Compostela e Europa. A historia de Diego Xelmírez", que se inaugurará o 15 de agosto e se exporá ata o 15 de outubro. Trátase dun proxecto itinerante sobre a Europa románica da primeira metade do século XII, Compostela e os seus camiños, que chegará a Galicia tras o seu paso por París e Roma. Estes espazos serán asemade o escenario

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

da mostra *Bibliotecas do Camiño de Santiago* da fotógrafa alemá Cándida Höffer, que se exhibirá en Compostela nos meses de novembro e decembro de 2010

Doutra banda, o claustro alto de San Martiño Pinario foi o lugar escollido para presentar a mostra *Terre de Personne*, unha serie de retratos e paisaxes de gran formato acerca da Galicia interior e da Costa da Morte realizados polo fotógrafo Pierre Gonnord.

## TRABALLO E BENESTAR INVISTE 357.000 EUROS NA ATENCIÓN E APOIO ÁS PERSOAS SEN TEITO

- *Trátase dun convenio de colaboración entre o departamento autonómico e a Cruz Vermella, que foi aprobado hoxe polo Consello da Xunta*
- *O obxectivo é promover un programa integral de atención ás persoas sen fogar, co obxectivo de favorecer o seu proceso de inserción individual*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Cruz Vermella, que ten como obxectivo prestar atención e apoio integral ás persoas sen teito e promover a súa inserción individual. O Goberno autonómico inviste un total de 357.000 euros neste programa.

As accións desenvolvidas ao abeiro deste plan consisten basicamente en: detectar patoloxías mentais, alcoholismo e outras adicións sufridas polos beneficiarios, informar e derivar os usuarios cara aos servizos pertinentes e proporcionarlles asesoramento social e legal. O obxectivo é lograr que os usuarios desenvolvan competencias persoais, sociais e laborais que favorezan o seu proceso de inserción.

Así, no desenvolvemento deste convenio –enmarcado no II Plan Galego de Inclusión Social 2007/2013-, a Cruz Vermella desenvolverá un programa de acompañamento e apoio, que consistirá no establecemento de liñas de derivación e integración na sociedade a través dos servizos sociais existentes e dos equipos de intervención creados para desenvolver estas accións.

En concreto, as actuacións agrúpanse nos seguintes tipos: valoración, información, orientación e asesoramento (derivación a outros recursos); xestión de documentos; intervención na rúa; accións preformativas e formativas; acompañamento social e accións de tipo sociosanitario e de seguimento do procesos.

Este convenio, que se vén desenvolvendo nos últimos anos, ten atendido desde 2003 unha media de 1.200 persoas ao ano, cun total de total de 4.974 intervencións.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**PRETO 100 FAMILIAS BENEFICIARANSE DO SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ  
PARA NENOS E NENAS CON DISCAPACIDADE FINANCIADO POLA XUNTA**

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración, por un importe de 200.000 euros, entre a Administración autonómica e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT)*
- *AGAT dispón de dúas unidades de apoio psicosocial a nenos e nenas en idade infantil*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) por un importe de 200.000 euros. O obxectivo é financiar o servizo de atención aos nenos e nenas en idade infantil que padecen algún tipo de discapacidade.

O obxectivo deste convenio é contribuír ao financiamento das dúas unidades destinadas a apoio psicosocial (situadas nas comarcas do Deza e do Salnés) dos nenos e nenas de 0 a 16 anos, con déficits que xeran alteracións discapacitantes ou con risco de padecelas. Ademais, prestan apoio ás súas familias. O servizo presta especial atención aos casos dos máis cativos.

O traballo destas dúas unidades pasa por avaliar dun xeito global os problemas de desenvolvemento derivados das situacións de discapacidade ou de alteracións no desenvolvemento infantil, a través dun enfoque interdisciplinario de prevención da dependencia e de promoción da autonomía persoal. En definitiva, trátase de xerar actitudes de incorporación social no conxunto da familia e fomentar a participación na vida cotiá.

Este servizo, que comezou en 2009, atendeu ao longo do exercicio pasado 55 familias e realizáronse 32 consultas diagnósticas, así como 126 sesións de apoio. Ao longo deste ano prevese a atención a 100 familias –coas consultas que delas derivan-, tendo en conta a continuidade dos casos xa iniciados.

Cada unidade conta con catro profesionais especialistas en desenvolvemento infantil e atención temperá e un auxiliar administrativo, que desenvolven as actuacións das distintas fases (preparatoria, asistencial e avaliación).



## TRABALLO INVESTIRÁ 80.000 EUROS PARA A FORMACIÓN DE XESTORES E TITORES ESPECIALIZADOS EN PROXECTOS DE COOPERATIVAS

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar, a Universidade de Santiago e diversas asociacións de cooperativas*
- *Os beneficiarios desta iniciativa da Xunta recibirán unha axuda estimada de máis de mil euros ao mes para desenvolver o proceso formativo*
- *O Consello Galego de Cooperativas coordinará o proceso de formación, que poderá completarse cun período de prácticas nunha cooperativa galega*

A Consellería de Traballo e Benestar, na súa aposta polo emprego de calidade, asinará un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago e as asociacións de cooperativas Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias Agaca, Unión de Cooperativas de Traballo Asociado Ugacota e a Federación de Empresas Cooperativas Sinerxia para a formación de xestores e titores especializados en proxectos de cooperativas.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio polo que a Xunta destinará un total de 80.000 euros a esta actuación, 40.000 euros este ano e os restantes 40.000 no 2011. Os participantes no proceso formativo recibirán unha axuda estimada de máis de 1.000 euros ao mes. A duración inicial das bolsas será de 12 meses para unha formación ampla en prácticas.

A necesidade de que os proxectos cooperativos, tanto os existentes como os de nova creación, se conformen como proxectos con vocación de permanencia requiren, entre outras actuacións, a existencia dun grupo titorial que acompañe os citados proxectos desde o seu nacemento. De aí, a achega do Goberno galego a esta iniciativa, xa que a formación destes titores e xestores resulta un elemento clave para a posta en marcha dunha rede de promoción cooperativa como elementos complementarios necesarios.

O proceso formativo, que inclúe unha parte teórica e outra práctica, estará baixo a dirección da Universidade de Santiago de Compostela. As asociacións de cooperativas proporcionarán formadores titores membros dos seus equipos técnicos procedentes de distintas áreas.

O Consello Galego de Cooperativas coordinará o proceso de formación, que poderá completarse cun período de prácticas nunha cooperativa galega previamente seleccionada polo Consello Galego de Cooperativas, de entre aquelas que ofrezan a súa dispoñibilidade para colaborar no desenvolvemento desta actividade formativa.

A medida forma parte da aposta da Xunta por promocionar os valores do cooperativismo como fórmula de autoemprego, equidade e competitividade empresarial,

## **A XUNTA ABRE HOXE AO TRÁFICO A ESTRADA QUE UNE VIVEIRO CO PORTO DE CELEIRO, TRAS LEVAR A CABO O SANEAMENTO E ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DERRUBADO O PASADO MES DE FEBREIRO**

- *Tras a finalización da Semana Santa, declarada de Interese Turístico Nacional nesta zona, proseguirán as obras ao longo dunha semana, pechando só un dos dous carrís existentes*
- *A Xunta de Galicia inviste case 380.000 euros no saneamento e estabilización do noiro desta estrada*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas informou hoxe o Consello da Xunta que hoxe mércores, día 31, a partir das 15 horas, abre ao tráfico a estrada que une a localidade lucense de Viveiro co porto de Celeiro (LU-862), tras levar a cabo o saneamento e a estabilización do noiro derrubado o pasado mes de febreiro. Tras o remate da Semana Santa, declarada de Interese Turístico Nacional nesta zona, proseguirán as obras ao longo dunha semana, pechando un dos dous carrís existentes co fin de manter a seguridade para os traballadores e automobilistas, mentres teñan lugar os labores no noiro.

O investimento nas actuacións que se están a levar a cabo é de case 380.000 euros e consisten na execución das obras de sostemento e estabilización do noiro que se derrubou parcialmente sobre a estrada LU-862 en Viveiro, concretamente no punto quilométrico 86,7, preto da intersección de acceso ao porto da localidade lucense de Celeiro. A actuación estase a realizar a través da declaración de emerxencia, procedemento que foi validado hoxe polo Consello da Xunta de Galicia.

O pasado día 8 de febreiro produciuse un desprendemento de terra e rochas do noiro da estrada LU-862 (Ferrol-San Cibrao), ocasionando o corte da circulación, xa que os materiais desprendidos ocupaban os dous carrís existentes. Con esta situación, determinouse a necesidade de proceder á retirada das rochas da ladeira, que permanecían inestables, e á limpeza da calzada, ademais de levar a cabo a corta de varios eucaliptos que se sitúan nesta zona. Unha vez superada a fase de saneamento da ladeira, neste momento estase a levar a cabo o sostemento do noiro

### **Informe técnico**

Para facer todos estes traballos, encargouse un informe técnico coa finalidade de determinar as características xeolóxico-xeotécnicas do terreo, concretar as características xeotécnicas dos estratos presentes, medir a xeometría da estratificación, equistosidade e diaclasados, estimar o mecanismo de rotura, así como posibles solucións que intenten conter os posibles movementos do noiro.

Tras o informe, determinouse a necesidade de actuar en catro zonas diferenciadas do noiro, implantando medidas de sostemento a través das técnicas usuais neste campo da

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

enxeñaría de estradas: redes de cables, ancoraxes activas e mallas de tripla tensión, entre outros.

Con todo isto, propóñense as catro zonas de actuación e engádesse a roza e a corta de árbores no noiro e na súa coroación nunha extensión total de 6.200 metros cadrados, así como a partida regulamentaria de seguridade e saúde na execución das obras. Todas estas actuacións supoñen un investimento de case 380.000 euros.

**Características técnicas**

A solución recomendada á vista do observado polos técnicos do departamento de Medio Ambiente do Goberno galego é a instalación de 1.080 m<sup>2</sup> de rede de cables de aceiro de 5x3 metros con bulóns pasivos de ancoraxe; 1.200 m<sup>2</sup> de malla de arames galvanizados de 8x10x16, de 2,7 milímetros de diámetro e 1.088 metros de bulóns activos, cunha lonxitude en cada bulón de 8 metros, ademais da perforación e instalación de 136 unidades de ancoraxe.

Este derrube é consecuencia da xeoloxía da zona onde está o noiro, de rochas moi fisuradas e diaclasadas, con difícil xeometría e unha altura considerable, uns 20 metros. Así mesmo, xa existen antecedentes doutros desprendementos ocorridos en anos pasados, aínda que de moita menor importancia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO DESTINA 300.000 EUROS Á FUNDACIÓN MARCO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI, DIDÁCTICAS E DE DIFUSIÓN**

- *O Consello da Xunta foi informado do convenio de colaboración entre Cultura e Turismo e o Museo de Arte Contemporánea de Vigo, polo que a Consellería financiará a realización de diversas actividades culturais ata o 30 de novembro do 2010*

A Consellería de Cultura e Turismo informou hoxe o Consello da Xunta acerca do convenio de colaboración coa Fundación Museo de Arte Contemporánea de Vigo, polo que se establece a realización conxunta de actividades culturais, didácticas e de difusión. Para a execución do proxecto, vixente ata o 30 de novembro de 2010, a Consellería de Cultura e Turismo achegará a cantidade de 300.000 euros.

En virtude do convenio, a Fundación MARCO desenvolverá este ano co apoio da Consellería de Cultura e Turismo, as exposicións de *Cousas que só un artista pode facer* (29 xaneiro - 2 de maio), *Cando a póla rompe* (14 maio - 29 agosto), Vasco Araujo e Javier Téllez (10 setembro - 9 xaneiro), Jorge Barbi (ata o 14 de febreiro), Candida Höfer (26 febreiro-23 maio), Colección CGAC (4 xuño - 19 setembro), Virxilio Viéitez (1 outubro - febreiro 2011), José Dávila (5 febreiro - 2 maio) e Michael Lin & RVR Arquitectos (a partir do verán de 2010).

Inclúense, así mesmo, outras actividades de didáctica como Palabras Quebradas e Caderno de viaxe (en torno á exposición de Jorge Barbi), Catro paredes e un banco (en torno á exposición de Candida Höfer) e diferentes visitas guiadas e obradoiros infantís. Na programación do MARCO tamén destaca o taller de artista de Almudena Fernández Fariña, os festivais Sinsal e Alternativo das Artes Escénicas de Vigo, os cursos de adultos *De Picasso a Hirst: 30 figuras da arte contemporánea* e *A fotografía: historia doutra mirada*, a mostra bibliográfica Escola Düsseldorf ou outras actividades como as da Agrupación de amigos do MARCO.

A Consellería de Cultura e Turismo enmarca o acordo de colaboración na súa liña de promoción de actividades encamiñadas a achegar á sociedade en xeral o coñecemento e a difusión da cultura e da arte en todas as súas manifestacións. O convenio coa Fundación MARCO permitirá avanzar na realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e a cultura contemporánea, con particular atención á produción artística da Comunidade Autónoma Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, conservación, estudo, exposición e interpretación educativa de fondos, ao tempo que impulsa a estimulación da sensibilidade na sociedade da cultura en xeral.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Liña de acción MARCO**

Esta liña de colaboración contribuirá á posta en marcha das actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo, encargado segundo o convenio da contratación dos medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos. O acordo recoñece o papel do MARCO para se converter nunha plataforma para a proxección de Galicia no exterior, así como o seu dinamismo e espírito participativo a través das súas exposicións temporais cimentadas na pluridisciplinidade, a investigación e recuperación de autores ou movementos artísticos galegos e a produción de artistas emerxentes.

**USUARIOS DE 73 PORTOS DE GALICIA ESTANSE A BENEFICIAR DAS MELLORAS DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS MENORES**

- *A Consellería do Mar presentou un informe ao Consello da Xunta en que explica as actuacións realizadas e as previstas por Portos de Galicia no marco do Plan de Investimentos Menores 2009-2011*
- *No último trimestre de 2009 Portos de Galicia investiu máis de 2'5 millóns de euros en obras executadas, pendentes de aprobación de gasto, en fase de comezo e en execución*
- *Portos de Galicia ten en marcha o proceso de adjudicación de alugueiro dun inmoble máis económico e que agrupa as actuais dependencias*

As obras realizadas por Portos de Galicia durante o 2009 e as que está executando este ente da Consellería do Mar no marco do Plan de Investimentos Menores 2009-2011 están a beneficiar aos usuarios de 73 portos de Galicia. Concretamente, as obras executadas, pendentes de aprobación de gasto, en fase de comezo e en execución no último trimestre de 2009, supuxeron un investimento de máis de 2'5 millóns de euros. Así o especifica o ente da Consellería do Mar nun informe presentado esta mañá ao Consello da Xunta en que dá conta do grao de desenvolvemento do PIM.

Dos máis de 2'5 millóns investidos no 2009, un total de 676.741 euros correspóndense con obras da zona norte (nos portos comprendidos entre Ribadeo e Cedeira). Na zona sur (nos portos comprendidos entre o e de Pontecesures e o de Tui), o investimento neste mesmo tipo de obras supuxo 857.378 euros e na zona centro (portos entre Mugardos e Rianxo) o importe ascendeu a un total de 1.003.678 euros.

Segundo o informe, estes resultados son froito dunha xestión orzamentaria eficaz e racional. Os 9'5 millóns de euros destinados ao plan proceden da decisión da Xunta do pasado mes de maio de paralizar a execución do edificio dos servizos centrais de Portos de Galicia previsto polo anterior executivo autonómico. A cambio, a Xunta destina eses cartos a desenvolver melloras de primeira necesidade nas instalacións portuarias e nos servizos.

Entre as melloras comprendidas polo plan destacan a execución de naves, departamentos, a remodelación de locais así como as relacionadas cos servizos eléctricos nos Portos. Estas actuacións facilitan o desenvolvemento das actividades portuarias, dotando de competitividade os peiraos galegos ao mellorar os seus equipamentos e a convivencia ordenada entre actividades de ocio náutico e da pesca.

Outro dos beneficios do PIM é a mellora da loxística, das descargas das capturas, da súa etiquetaxe e da súa pesaxe, favorecendo a comercialización, transformación e operatividade xeral dos portos. Boa parte disto é resultado da participación dos usuarios dos portos na orientación do gasto, xa que as obras se executan atendendo ás peticións do sector (confrarías, clubs náuticos e concesionarios e operadores portuarios en xeral).

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Concretamente, o PIM inclúe actuacións entre o 2009 e o 2011 nos portos galegos de competencia autonómica, cun importe aproximado de 3 millóns de euros por ano. Para a súa execución, a Consellería do Mar quixo coñecer de primeira man as necesidades dos usuarios dos portos e clasificou no marco do PIM aquelas que se correspondían cos obxectivos desta medida. As actuacións realízanse dende as xefaturas de zona de Portos, o que fomenta a proximidade entre a Administración e os usuarios e propicia maior rapidez de resposta ás demandas.

**Xestión eficaz**

Ademais, cabe destacar que neste momento Portos de Galicia ten en marcha o proceso de licitación para a adxudicación dun contrato de arrendamento con opción a compra dun inmovible en Santiago de Compostela, no cal se integrarían todos os servizos de Portos. O contrato é por 5 anos (renovable ata un máximo de 10) por un importe de 150.000 euros ao ano. Esta acción supón unha reordenación do espazo agrupando os tres locais alugados neste momento (1.400 m<sup>2</sup>) nun só, que ocuparía 1.000 m<sup>2</sup>. Así pasaríase a pagar un máximo de 150.000 euros ao ano, no canto dos máis de 200.000 euros que se pagan na actualidade.